

## **MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE AER, BNG E PsdeG-PSOE, SOBRE DERROGACIÓN DA LEI DE AUGAS DE GALIZA**

PLENO 28 XUÑO 2012. ACTA 11/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polos Grupos Municipais de AER, BNG e PSdeG-PSOE, no Rexistro Xeral do Concello, con data 23 de xuño de 2012, que transcrita dí:

“Jorge Varela Couñago, voceiro de AER, Cecilia Pérez Orge, voceira do BNG e Luis Alberto Orge Míguez, voceiro do PSdG-PSOE, en virtude do artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; recollendo unha iniciativa da Plataforma pola Derrogación da Lei de Augas de Galicia, presentan a seguinte MOCIÓN para o seu debate e, no seu caso, aprobación no vindeiro pleno ordinario de xuño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, polo Parlamento Galego abre un panorama regresivo por canto avanza un modelo de xestión das augas do país caracterizado polo afán recadatorio e privatizador ao respecto dun ben fundamental como é o auga. O texto contempla varias cuestións que supoñen unha regresión sobre a actual situación e que moven á Plataforma pola Derrogación da Lei de Augas de Galicia, a recadar un pronunciamento a prol da súa derogación por parte do Pleno do Concello de Redondela.

Queremos significar o enfoque social e sustentable que ten que rexer no que atinxe á salvagarda e acceso a un ben público fundamental. A Declaración da Asemblea da Auga tralo Foro Social Mundial de Belém indicábao, ao recoller o seguinte:

*“A auga en todas as súas formas é un ben común e o seu acceso é un dereito humano fundamental e inalienable de todos os seres vivos. A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade e da natureza: non é unha mercadoría.*

*Rexeitamos as formas antigas e nova de privatización do auga, inclusive a asociación pública-privada, a privatización do servizo do saneamento e o manexo con lóxicas privadas das empresas públicas.”*

*“ A xestión da auga debe ficar no espazo público e comunitario, coa participación, equidade, control social, sen fin de lucro e non debe xerar violencia aos territorios preservando o ciclo do auga. “*

Pronunciamento validado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que en xullo de 2010 aprobou unha resolución na que se recoñece que a auga potable e o saneamento básico son

dereitos humanos esenciais para o pleno goce da vida e de todos os dereitos humanos. Texto que concorda co Informe sobre Desenvolvemento Humano do ano 2006, que afirma que o dereito á auga é un fin en si mesmo, asemade de medio para fundamentar e facer posibles outros dereitos humanos, caso do da educación, saúde e un fogar digno.

Salientamos estes pronunciamentos da comunidade internacional para referenciar a distancia do enfoque coa norma que se aproba no Parlamento Galego, unha lei de Augas que retrocede no sentido contrario, facendo deste ben fundamental un elemento recadatorio e cunha xestión crecentemente privada. En resumo, estamos diante dunha lei que reduce un ben fundamental, un dereito humano, a unha mercadoría.

A lei galega apróbase malia algunhas consideracións negativas que formula o Consello Consultivo de Galicia, no que afecta ao canon, ao dubidar da súa oportunidade no actual intre de crise económica: *“Semella necesaria unha reflexión encol da oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, as familias e as empresas na conxuntura actual de crise económica.”*

A Plataforma pola Derrogación da Lei de Augas de Galicia quere chamar a atención en particular en dous aspectos da lei merecentes ao noso xuízo dun rexeitamento de plano: o afán recadatorio da norma, que pode até triplicar os recibos aos particulares e maila porta aberta á privatización dun ben público fundamental, a auga.

A función recadatoria delátase polo contemplado na Memoria da Lei, que formula a previsión dun incremento dos ingresos derivados da recadación dun 100%, pasando dos 34 millóns de 2010 aos 68,5 millóns deste exercicio. Custos que recaerán particularmente nos usos domésticos, isto é, na cidadanía, para privilexiar os usos industriais.

Para nós, veciñ@s de Redondela, semella particularmente inaceptable o título IV da devandita Lei, por canto fórmase nel a política de recuperación dos custos do servizo co canon. Política derivada da Directiva europea 2000/60 CE, que dispón no seu artigo 9 a recuperación dos custos dos servizos relacionados co auga. Son outros os criterios a dirixir a política de subministro e saneamento, non os da rendibilidade económica. Os parámetros social, ecolóxico e de solidariedade interterritorial son os chamados a desenvolver unha política da auga sustentable.

Lei que cómpre subliñar non pon a énfase na regulamentación dos usos da auga, nin nas estratexias para evitar a súa contaminación, nin na redución do consumo. Dende o punto de vista ambiental nada ou case nada achega esta norma, en canto se limita a reproducir as obrigas derivadas das lexislacións estatal e da Unión Europea. Son outras, e regresivas, as finalidades da lei.

Lei que ten un segundo aspecto especialmente desacougante. A norma remuda a estrutura administrativa da xestión do auga, que adquire unha fórmula de dereito privado na meirande parte das súas decisións. O Consello Económico e Social no seu informe de maio afirmaba con rotundidade a súa oposición: *“Non se xustifica a oportunidade da creación da nova sociedade pública.”* A Plataforma pola Derrogación da Lei de Augas de Galicia entende necesario desenvolver mecanismos de xestión da auga de carácter público, social e participativos,

consonte co movemento que ao longo do planeta está a demandar a volta ao sector público e social da economía dos organismos adicados a garantir este servizo público fundamental.

Lei que castiga sobremaneira ao rural do noso país, e que agora ademais obriga a pagar polo ben auga, sendo como é un espazo tradicionalmente desatendido en materia de servizos de auga e saneamento. Lei que desbota o que terían que ser medidas de apoio para a veciñanza que vive no rural, co obxecto de contribuír a favorecer o artellamento territorial do noso país. Lei que desbota a introdución de beneficios fiscais en función do nivel de renda, que renuncia a incrementar o tipo do gravame nos usos do auga adicados á produción hidroeléctrica, ou que non introduce mecanismos para regularizar a grande maioría dos pozos existentes no noso país, entre outras carencias salientables.

**Consonte o antedito, a Plataforma pola Derrogación da Lei de Augas de Galicia, somete ao Pleno do Concello de Redondela a seguinte proposta de acordos:**

**Primeira.- O Pleno do Concello de Redondela insta á Xunta de Galicia a derrogar a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, pola agresión que supón á cidadanía por privatizar a nosa auga, un ben universal, social, de propiedade colectiva, básico para a vida.**

**Segunda.- O Pleno do Concello de Redondela insta á Xunta de Galicia a elaboración de leis que garantan a xestión pública e participativa da auga que impidan facer negocio co seu uso, captación, subministro e coa súa depuración; evitando cometer o erro da lei 9/2010, do 4 de novembro, de aplicar un canon polo uso da auga.**

**Terceira.- O Pleno do Concello de Redondela mostra o seu apoio expreso á loita que veñen levando a cabo as Comunidades de Augas veciñais na reivindicación da auga como un ben público.”**

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R), e dez votos en contra (10 do PP), aprobou, nos seus propios termos, a Moción suscrita polos Grupos Municipais de AER, PSdeG-PSOE e B.N.G.), nos antecedentes transcrita.-**